

Ás persoas integrantes da corporación municipal do Concello de Lugo, queremos informar o seguinte respecto a pretensión de aprobar o 5% do PXOM.

Primeiro. A Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ditou Orde o 29 de abril de 2011 (en adiante O/29/04/2011) pola que **quedaron fóra da aprobación definitiva** do Plan Xeral de Ordenación do municipio de Lugo (PXOM) **unha serie de determinacións que foron obxecto de reparos** na Orde (apdo. II, punto 1º, da O/29/04/2011).

Como se sinalaba no punto 3º do mesmo apartado da Orde, **ditas determinacións debían ser corrixidas obrigatoriamente, como paso previo á remisión da nova documentación corrixida á Consellería competente en materia de urbanismo**, á que corresponde finalmente resolver sobre a súa aprobación definitiva.

Segundo. Entre as determinacións que foron obxecto de reparos por parte da citada Consellería destacan varias que inciden de forma directa na sustentabilidade medioambiental do municipio e cuxa corrección resulta por elo, se cabe, máis obrigada. Entre elas, ademais das que concirnen á delimitación de solos urbanizábeis (delimitación desmesurada, con ámbitos desconectados do solo urbano, e en casos atentatorias contra os valores e potencialidades concorrentes nos terreos afectados), **cabe referirse de xeito especial a varias determinacións incidentes na rede fluvial municipal, ás que se fan referencia nos tres últimos parágrafos do apdo. II.5** da O/29/04/2011. Neles, implícita ou explicitamente, veñen sinalar as seguintes deficiencias:

a) a ausencia de identificación gráfica de parte da rede fluvial na planimetría do Plan, deficiencia á que se refire o antepenúltimo de ditos parágrafos, **esixindo o grafado de todos os cursos fluviais existentes no municipio** e o antepenúltimo dos mesmos (alusión á falta de grafado do tramo do río Rato situado augas arriba da Rúa Fisterra)

b) a ausencia da preceptiva clasificación urbanística (solo rústico de protección de augas) na parte da rede fluvial non grafada na planimetría que discorre por solo rústico.

c) As propostas de trazados viarios e zonas edificábeis (equipamentos e usos edificatorios lucrativos) no treito do río Rato situado ao norte da nova ponte de Paradai, ben sobre o propio cauce ou sobre as súas marxes inundábeis (zona de policía), propostas que son contraditorias coas prescricións legais que exixen a protección do río e/ou a súa integración no sistema de zonas verdes, así como os propios obxectivos perseguidos polo PXOM, -“*obtención dun parque verde lineal verde que rodea a cidade...O parque apóiase nos cursos fluviais do Miño, Rato e Fervedoira*” (apdo. 11.1, 1º parágrafo da memoria do PXOM)- e polo Plan Estratéxico de Lugo (“*Completar e protexer o cinto verde da cidade, ... para unir as áreas do río Rato e paseo do Río Miño...*”)

Terceiro. O Concello dispón de distintas fontes de información que permiten constatar o alcance das mencionadas deficiencias:

a) Por exemplo, en relación coa deficiente identificación gráfica da rede fluvial, dispón dun estudo denominado “*Identificación de tramos fluviais non representados no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Lugo de 2011*”, o cal tivo entrada no Concello en decembro de 2013 e no que participou de forma directa a nosa asociación (documento remitido ao Concello a través da Subdelegación do Goberno en Lugo o 03/12/2013), e o “*Informe sobre deficiencias na identificación gráfica e no tratamento da rede fluvial no Plan Xeral de Ordenación de Lugo aprobado parcialmente o 29/04/2011*”, datado en xullo de 2013 e aportado no procedemento contencioso ordinario nº 4263/2012 o cal trae causa nun recurso contra a O/29/04/2011 interposto ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (informe do que dispón o Concello por ter sido parte en dito contencioso).

Ambos documentos, especialmente o informe citado no último lugar, evidencia o grao das deficiencias de grafado da rede fluvial, as cales non afectan a uns poucos quilómetros da mesma, senón a **moitas decenas de quilómetros (incluso a centenas)**.

b) polo que se refire ás propostas urbanísticas no tramo medio/alto do Rato entre outros documentos, o Concello dispón do “*Estudo hidrolóxico e hidráulico para a delimitación de zonas*

inundábeis no treito medio-alto do río Rato (Lugo)”, presentado no rexistro municipal o 26/11/2012 (nº de entrada 20120174305), no que tamén participou directamente a nosa asociación, e de Plano de superposición de ditas propostas sobre o trazado do río Rato, presentado no Concello, xunto con outros documentos, o 27/04/2012 (nº de entrada 2012028450).

Quarto. Fai case un mes chegou ao noso coñecemento a entrada no Concello da nova documentación do PXOM, na que supostamente, emendaríanse as deficiencias que motivaron que parte do Plan quedara sen aprobar definitivamente na O/29/04/2011.

Por tal razón, co fin de verificar que se introduciran as correccións necesarias para o adecuado tratamento da rede fluvial municipal, nosa Asociación solicitou formalmente a consulta de dita documentación ao Concello hai máis de 3 semanas.

Pese ao tempo transcorrido e o dereito que nos asiste a exercer dita consulta, **non recibimos contestación algunha do Concello**, o que non só **fai dubidar da vontade dos responsábeis municipais de cumprir coas súas inescusábeis obrigas** concernentes ao exercicio de tal dereito, senón que, o que aínda sería máis grave, **pon en dúbida que o Goberno municipal dera as instrucións precisas para que foran corrixidas, na súa verdadeira medida, as groseiras deficiencias do Plan que afectan á rede fluvial.**

Quinto. Tendo en conta o anterior, así como o traballo que veu desenrolando a nosa asociación durante a tramitación do PXOM na defensa dos ecosistemas fluviaes existentes no termo municipal de Lugo, e ante as novas circulantes sobre un inminente sometemento da documentación á que nos referimos no punto anterior ao Pleno do Concello (presuntamente a efectos de adoptar un eventual acordo aprobatorio), é polo que consideramos oportuno informarlle que, con independencia das accións xudiciais que puideramos adoptar finalmente contra unha hipotética aprobación da parte pendente do Plan Xeral, **é a nosa vontade exixir as responsabilidades persoais en que puideran incorrer aquelas autoridades e persoas empregadas do Concello, que coñecedoras das deficiencias do Plan, -ou podendo coñecelas por medio da consulta da documentación que se acompaña e demais documentación á que se fixo mención-, non exerzan responsablemente as obrigas que incumben persoalmente de velar pola efectiva subsanación das mesmas.**

O que se expresa aos efectos de que non poda alegar ignorancia e no caso de exixirlle dita responsabilidade persoal.